

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA O PROXECTO DE MELLORA DO NÚCLEO DE RIBADISO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Arzúa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Arzúa para a realización do proxecto de mellora do núcleo de Ribadiso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece que a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo; e ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.



Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- A celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2021 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

O Camiño Francés foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de interese cultural, e Patrimonio da Humanidade e é a ruta mais transitada por peregrinos de tódalas nacionalidades polo que necesita un valor mais alto de protección e atención coa finalidade de presentar a súa mellor cara ao xacobeo 2021.

A Axencia Turismo de Galicia está por tanto interesada tanto na súa mellora e posta en valor, como na atención e coidado ao peregrino.

Quinto.- O presente convenio ten por obxecto a execución das actuacións necesarias para a mellora do núcleo de Ribadiso, núcleo polo que discorre o Camiño Francés no concello de Arzúa, o que supón que conte cun elevado tránsito peonil pola afluencia de persoas peregrinas e, en consecuencia, co asentamento de numerosas instalacións de hostelería.

Preténdese a pavimentación de 508 metros cadrados en calzada e zona de colectores. Previamente dotarase dos servizos de recollida de augas pluviais, saneamento, abastecemento de auga potable e iluminación pública. Finalmente dotarase de mobiliario urbano.



Sexto.- A Axencia entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto antes descrito, debido á necesidade de proceder de xeito inmediato ao acondicionamento do núcleo de Ribadiso, co fin de incrementar a favorecer a atención e coidado ao peregrino, o que ademáis suporá a súa posta en valor de cara á celebración do Ano Santo Xacobeo, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Arzúa unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

